

eduard velasco



Os faros do camión do leite polas fendas
da fiestra do cuarto de Cereixa.
O motor de lonxe ao comezo da caricia
que estremecía os cristais
entre as nosas voces na penumbra,
que se perdía á altura da coxa
e nos deixaba no silencio
cheo de estalos e presenza
das casas vellas das aldeas.
As túas mans polas historias
na cama onde morreu o bisavó José,
na que adormecemos
de alí a máis de vinte anos
abrazados nas palabras,
na que acordamos
coa varanda azul
do corredor
—cámara escura chea de fascinación—
debuxada na parede.
E agora que es o agosto máis quente
e as torres no ar,
que casa es ti e raíz e festa
(e non esta cama diante da estación),
o ruído dos trens
co que me tapo
son faros cruzándonos os corpos
pola estrada da noite.



1 DE MAIO

MONDOÑEDO É POESÍA 2015